



PLAN DE ADAPTACIÓN Á COVID 19

NO CURSO 2020-21

Colexio Plurilingüe Padre Míguez
Calasancias - Vigo

r/ Montecelo, nº1- 36207 VIGO (Pontevedra)- Tfno: 986 43 77 23
Web: <http://www.calasancias-vigo.org>
Email: cpr.padremiguez@edu.xunta.es



INTRODUCCIÓN	3
MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA.....	4
MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL.....	10
MEDIDAS DE LIMPEZA	17
MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN COLECTIVA	17
MATERIAL DE PROTECCIÓN	18
XESTIÓN DOS GROMOS	18
MEDIDAS QUE AFECTAN AS CONDICIÓNS LABORAIS.....	20
MEDIDAS DE CARACTER ORGANIZATIVO	21
MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS	27
MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO.....	28
MEDIDAS DE USO DE COMEDOR.....	28
MEDIDAS XERAIS NA AULA ORDINARIA	30
MEDIDAS ESPECIFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS	30
MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS.....	33
MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL.....	34
NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE.....	35
PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO	35
MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO	36
PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO.....	39
ANEXOS	58



INTRODUCCIÓN

A aparición do SARS-CoV-2 e o posterior desenvolvemento da COVID-19 no segundo trimestre do curso escolar 2019-20 obrigou a cancelar todas as actividades non esenciais e ao peche dos centros educativos.

Ademais, a pandemia da COVID-19 implicou a necesidade de tomar medidas de prevención e protección que obrigou a unha modificación da organización de múltiples actividades para poder reanudas de maneira segura entre elas a actividade escolar. Por tanto, a recuperación da actividade nos centros educativos debe adaptarse en consecuencia a estas medidas.

Con esta finalidade elabórase o presente *Plan de Adaptación á situación COVID 19* con dous obxectivos fundamentais:

1. Crear unha contorna escolar saudable e segura a través de medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde adaptadas a cada etapa educativa.
2. Posibilitar a detección precoz de casos e xestión adecuada dos mesmos a través de protocolos de actuación claros e da coordinación dos axentes implicados.

Estas medidas iranse actualizando cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiren.



MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

▪ Denominación do centro, enderezo e teléfonos.

CPR. Plurilingüe Padre Míguez- Calasancias
R/ Montelecelo, 1
36207-Vigo(Pontevedra)
Teléfono: 986 43 77 23

▪ Membros do equipo COVID

- Dna. Raquel Barreiro Herrera: COORDINADORA COVID e Directora pedagóxica.
 - Dna. Natalia Eiriz Mariño: SUPLENTE e Xefa de Estudos.
- Dna. Begoña Hermoso Sousa: MEMBRO e Coordinadora da etapa de EI
 - Dna. Alicia Meniño Romero: SUPLENTE e Coordinadora da etapa EPI
- Dna. Gema Zubiri Meire: MEMBRO e Coordinadora da etapa EPII
 - Dna. Mercedes López Ferreiro: SUPLENTE e Coordinadora da etapa da ESO

▪ Funcións do Equipo COVID

- Comunicar ao Equipo de Coordinación Operativa COVID, constituído na consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional en coordinación e comunicación coa Consellería de Sanidade, os posibles abrochos que poidan xurdir.
- A coordinadora do equipo COVID é a encargada de manter a comunicación dende o centro educativo cos diferentes órganos da Consellería de Educación, e, de ser o caso da Consellería de Sanidade, do Sergas ouco Grupo de Coordinación de Seguimento da Pandemia. Correspóndelle así mesmo a comunicación co persoal do centro e coas familias e alumnado.
- Deberán estar en disposición de dispoñer no menor prazo de tempo dunha relación de todo o alumnado e do persoal do centro (a información deberá agruparse por aula e co profesor asignado á mesma ou en contacto co alumnado da mesma) no que figure a identificación persoal, un ou varios números de teléfono de contacto e o enderezo para, de ser o caso, poder trasladado ás autoridades sanitarias.
- Elaborar un “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021” no que se determinen ás concrecións das medidas para o centro educativo individualizado. O documento debe de ser aprobado pola dirección do centro educativo e do seu contido será informado o consello escolar.
- Os centros privados concertados deberán remitir á inspección educativa o Plan de Medidas Preventivas ou o Plan de Adaptación á situación COVID-19 acordado de conformidade co establecido na disposición final 5a da Orde SND/399/2020.



- Identificar ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

▪ **Centro de Saúde de referencia .**

O noso centro de saúde de referencia é:

- Centro de Atención Primaria de Teis.

Teléfono de citas: 986 378 437

Teléfono info: 986 374 229

▪ **Algunhas medidas de prevención básica a seguir:**

- O persoal docente e non docente deberá realizar unha auto enquisa diaria de síntomas para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARS- CoV-2 mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I, que debe realizarse antes da chegada ao centro. O persoal non ten que comunicar o resultado da enquisa senón que debe adoptar as medidas oportunas en función do resultado e comunicar ao centro a ausencia.
 - Para reducir os contactos entre o persoal organizaranse equipos estables por etapas (EI, EPI, EPII, ESO/FPB) que coinciden coa propia distribución por pisos do centro. De maneira xeral, o persoal limitará os seus contactos á súa etapa.
 - Para a detección precoz no alumnado, estes (ou os seus pais/nais/titores/as legais) realizarán unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro pero si comunicar a ausencia. Utilizarase a enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo Ique debe realizarse antes da chegada ao centro. Diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra.
 - No suposto de alumnado que poida ter a condición de vulnerable como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia os criterios sanitarios que rexerán asistencia a clase ou, de ser o caso, a escolarización domiciliaria serán os que recomende médico ou pediatra.
- **Comunicacións obrigatorias de sintomatoloxía ou de confirmación**
- Ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa COVID (polo menos unha das relacionadas no anexo I) no persoal non docente e profesorado, non acudirán ao centro educativo e inmediatamente darán coñecementoao equipo COVID. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun



test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran manténdose o illamento ata coñecer o resultado da proba.

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a **dentro das seguintes 24 horas** e co centro educativo **á maior brevidade posible**. A persoa que reciba a información contactará con algún membro do equipo COVID. Para a xustificación da ausencia, non será necesario ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.

- O centro educativo informará, explicitamente e con confirmación de recepción da información, aos pais, nais e outras figuras parentais, ou ao alumnado maior de idade, de que o alumnado con calquera sintomatoloxía aguda non pode acceder ao centro educativo a isto acompañará unha declaración responsable asinada polos proxenitores ao inicio do curso escolar na que se recollerá que a medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar. Este documento enviarase ás familias mediante a Plataforma EDUCAMOS e reenviarana en formato dixital. Adxúntase modelo no anexo II.
 - Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV- 2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica.
 - **Se algunha persoa do núcleo familiar convive cunha persoa cun diagnóstico positivo da COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva non poderán acudir ao centro, en virtude de ser considerados contactos estreitos.**
 - **Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa COVID (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo.**
-
- **Grupos estables de convivencia (infantil e primaria) e dos colaborativos na etapa de infantil, con asignación da aula, do alumnado, do profesorado que exerza a tutoría e os especialistas que impartan materias ao grupo.**

Na etapa de EI formaranse catro grupos estables de convivencia e dentro de cada un deles estableceranse subgrupos colaborativos:



- 1º A El: Titora- Lucía González Pérez.
 - Grupos colaborativos:3
- 1º B El: Titora- Iria Ortigosa García.
 - Grupos colaborativos:3
- 2º El: Titora- Ana Ayán Macía.
 - Grupos colaborativos: 5
- 3º El: Titora- Begoña Hermoso Sousa.
 - Grupos colaborativos: 5

Estes grupos unicamente interaccionarán coa súa titora e a especialista do D.O.

Na etapa de EP formaranse doce grupos estables de convivencia:

GRUPO	TITORA	ESPECIALISTAS	SITUACIÓN DA AULA
1º A	Verónica Mª Riveiro Collazo	Celia Feijoo O´Pazo Iñaki FdezPenín	3º piso
1º B	Celia Feijoo O´Pazo	Verónica Mª Riveiro Collazo Estela Lago Núñez	3º piso
2º A	Estela Lago Núñez	Victoria Lago Rguez Belén Bande Rguez	3º piso
2ºB	Belén Bande Rguez	Estela Lago Núñez Andrea Novo Rguez	3º piso
3ºA	Alicia Meniño Romero	Iñaki FdezPenín Andrea Novo Rguez Victoria Lago Rguez	3º piso
3ºB	Sara Couso Justo	Iñaki FdezPenín Andrea Novo Rguez Victoria Lago Rguez	3º piso
4ºA	Sarah Callo Gay	Iñaki Fdez Penín	5º piso



		Andrea Novo Rguez	
4ºB	Marta Novo Glez	Iñaki Fdez Penín Andrea Novo Rguez	5º piso
5ºA	Alexandra Gallardo Prieto	Iñaki Fdez Penín Andrea Novo Rguez Gema Zubiri Meire Ainara Arza Glez	5º piso
5ºB	Gema Zubiri Meire	Iñaki Fdez Penín Andrea Novo Rguez Ainara Arza Glez Alexandra Gallardo Prieto	5º piso
6ºA	Ainara Arza Glez	Iñaki Fdez Penín Andrea Novo Rguez Andrea Mtnez Faramiñán	5º piso
6ºB	Andrea Mtnez Faramiñán	Iñaki Fdez Penín Andrea Novo Rguez Ainara Arza Glez Gema Zubiri Meire Alexandra Gallardo Prieto	5º piso

Na etapa de EP I entran a realizar Reforzo Educativo: Alicia Meniño Romero, María Movilla, Sara Couso, María Barreiro, Verónica Mª Riveiro e Victoria Lago.

Na etapa de EP II entran a realizar Reforzo Educativo: Marina Sampedro, Andrea Novo, Gema Zubiri, Marta Novo, Patricia Otero e Alexandra Gallardo.



Na EP o especialista de Educación Física non entra na aula, agarda polos alumnos na entrada da planta e cando é na 1ª hora os alumnos agardan no patio.

A materia de música impartirase de maneira telemática nos cursos de 2º B, 3º A e B, 6º A e B, coa presencialidade do profesorado o titor na aula de cara a minimizar os contactos.

▪ **Canle de comunicación para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias de incidencia e ausencias.**

- Comunicación do posible caso dun alumno no centro escolar: a persoa que detecte un posible caso porase en comunicación, inmediatamente, coa recepción do centro e esta comunicará ao profesor que estea de garda a aula á que debe asistir. A persoa que detecte o caso trasladará ao alumno á sala COVID e solicitará en Recepción que se contacte coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. A persoa que detectou o caso informará á familia da sintomatoloxía detectada e unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica.

▪ Habilitarase como Sala COVID a primeira sala a man dereita ubicada na zona de Recepción. Esta sala dispón de ventilación adecuada e contará con solución hidroalcohólica, papeleira de pedal, panosdesbotables, luvas, máscaras FFP2 e EPIS.

-Comunicación da ausencia de persoal non docente e profesorado:Ante a aparición de sintomatoloxía compatible (a relacionada no anexo I) no persoal non docente e profesorado, non acudirán ao centro educativo e chamarán ao seu centro de saúde de referencia e á recepción do colexio que o comunicará inmediatamente á coordinadora COVID. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran.

- Comunicación das familias de posibles incidencias e ausencias:No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirán ao centro e el/ela ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a e comunicará a incidencia na recepción do centro que inmediatamente poñerá en coñecemento da coordinadora COVID. Para a xustificación da ausencia, non será necesario ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais.

▪ **Procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado.**

- Alumnado: as ausencias do alumnado rexístranse na plataforma EDUCAMOS. A persoa que recibe a información cubre na plataforma EDUCAMOS a incidencia na columna habilitada para esta situación onde se poden especificar os síntomas comunicados.



MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

- De forma xeral, manterase unha distancia interpersonal de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo.
- En educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia, aínda que se fomentará a educación no mantemento da distancia interpersonal. Manterase a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro da xornada lectiva.
- A distancia a manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula, para a aplicación do criterio de medición a distancia realizarase dende o centro das cadeiras.
- Se o tamaño da aula non permitise as distancias previstas nos parágrafos anteriores adoptaranse as seguintes medidas:
 - ⇒ Retírase o mobiliario non indispensable que diminúa a superficie útil da aula para tentar obter o máximo distanciamento posible.
- Nas etapas de Ensino Secundario Obrigatorio e Formación Profesional Básica establécense as seguintes medidas de conformación das aulas:
 - a) Os postos escolares manterán unha distancia de 1,5 metros respecto de todos os postos que o rodeen medidos dende o centro da cadeira. Se fose preciso retirárase outro mobiliario como andéis ou colgadores que limiten o espazo dispoñible.
 - b) Os postos escolares estarán orientados nunha mesma dirección.
 - c) Cando o tamaño da aula non permita a distancia, con carácter xeral, de 1,5 metros entre postos habilitárase o espazo dispoñible mediante a utilización de mamparas de separación sempre que se respecte unha distancia mínima de 1m respecto dos postos que o rodeen, medidos dende o centro da cadeira.

O **uso da máscara** será **obligatorio a partir dos 6 anos** de idade e recomendable en EI con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico. O alumnado (a partir do nivel de infantil) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a **obriga de usar máscaras** durante **TODA a xornada lectiva** en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será obriga do alumnado levar cando menos unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.

- A obrigación contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que



presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da perso aobrigada.

- Dentro da información a subministrar ás familias o alumnado e ao persoal do centro incluírase a formación precisa sobre o uso correcto das máscaras, a súa duración ou necesidade de lavado e os sistemas de conservación e gardado durante períodos breves de non uso.
- Na cartelería do centro existirá unha específica que lembre uso correcto de máscaras.
- Os centro informará a todos os membros da comunidade educativa sobre as medidas de prevención da transmisión da infección, as medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas, destacando:
 - ⇒ O correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sácala, e de ser o caso de gardala nos momentos da comida, así como dos protocolos de substitución e lavado.
 - ⇒ Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
 - ⇒ Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con xelhidroalcohólico, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo.
 1. Para os alumnos de Educación Infantil, restrinxirase o uso do xel hidroalcohólico e priorizarase o uso de auga e xabón ou outros tipos de solucións xabonosas.
 2. Para os alumnos de Educación Primaria extremarase o coidado coa utilización do xel hidroalcohólico, administrando unha cantidade de xel adecuada ao tamaño da man de cada neno/a, informando aos nenos e nenas de que debe ser absorbido antes realizar outras tarefas. Nos grupos de idade ata os 7 anos, prestarase especial atención por parte dos adultos responsables á aplicación do xel por parte do alumnado.
 - ⇒ A necesidade dunha hixiene correcta de mans cada vez que se use material compartido.
 - ⇒ A importancia que ten a ventilación dos espazos para evitar a transmisibilidade. No medida do posible manteranse as ventás abertas e realizarase unha ventilación durante un período mínimo de 15 minutos dos espazos utilizados (no inicio da mañá, no recreo, no remate da mañá, no



inicio da tarde e no remate da tarde).

- ⇒ A entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento, prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase polo profesorado a realización unha vez sentados na aula mediante a formulación de preguntas.
- ⇒ Habilitaranse dispensadores de xelhidroalcohólico na entrada e en espazos comúns.
- ⇒ Xeraranse dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van o baño) ademais de medidas de educación sanitaria.
- ⇒ Instalación de portapanos desbotables e dispensadores de xabón nos aseos.
- ⇒ Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria como, por exemplo, ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre alonxándose do resto das persoas.
- No centro non se realizarán actividades complementarias que supoñan a mestura do alumnado de diferentes grupos de convivencia ou clases, así como as que esixan unha especial proximidade.
- Os eventos deportivos ou celebracións que teñan lugar no centro realizaranse sen asistencia de público
- Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, mantendo postos estables.
- Con anterioridade ao inicio do curso en cada unha das etapas educativas, realizarase unha limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario.
- O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as. Con carácter xeral, no propio pupitre cada alumno gardará o seu material de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros.
- Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, o novo usuario realizará unha correcta hixiene de mans antes do seu uso.
- As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.
- Os espazos de recepción, secretaría e administración só serán utilizados polas persoas responsables. Cando se distribúan formularios ou se entregue




documentación que deba ser escrita facilitarase o material de escritura, porén realizarase previamente a correcta hixiene de mans. Para estes efectos existirá acorón un dispensador de xel hidroalcohólico.


- O uso de luvas limitarase ao persoal de limpeza no momento de utilizar substancias abrasivas para a pel.
- Para os efectos do previsto no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar entenderanse incluídas nos supostos do artigo 42 letras a), b) e d) coa consideración de condutas leves contrarias á convivencia os supostos de incumprimento polo alumnado do uso da mascara nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do presente protocolo. Polo que se respecta ao profesorado e persoal non docente estaraseao previsto na súa normativa.

Croques da situación dos pupitres nas aulas ben de xeito individual ou croques xenérico que sexa reproducibile nos restantes espazos. Identificación da posición do profesorado.


AULA INFANTIL
3 AÑOS A




AULA INFANTIL
3 AÑOS B



AULA INFANTIL
4 AÑOS



AULA INFANTIL
5 AÑOS







Aulas de Primaria (1º, 2º e 3º)


As aulas de 1º, 2º e 3º de EP, se corresponden coa distribución de aula tipo da ESO e en todas elas a distancia entre postos é superior ao 1,5 m.



Aulas de 4º a 6º de EP



CLASE 4º E.P. -B-





Aula tipo de Secundaria e FBP.

▪ **Espazos a utilizar nas situación en que o tamaño da aula non permite as distancias mínimas.**

- As aulas de 1º, 2º e 3º ESO trasladaranse ao 4º piso e as aulas de 4º, 5º e 6º EP subirán ao 5º piso.
- A aula de FBP quedará no 1º piso na aula de Informática.

▪ **Determinación dos xeitos de realizar titorías coas familias.**

As titorías con familias realizaranse, preferentemente, de maneira telemática mediante a aplicación *Teamse*, de ser o caso, mediante chamada telefónica. Porén cando a xuízo do titor/a e, previa autorización da dirección do centro, poderase realizar (de maneira moi excepcional) a titoría presencial coas debidas medidas de protección.

▪ **Canles de informacións familias e persoas alleas ao centro** (provedores, visitantes, persoal do concello...).

A información ás familias realizarase mediante a Plataforma de Comunicación a Familias EDUCAMOS e a páxina Web do centro.

▪ **Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa e das medidas básicas a seguir.**

- ⇒ Familias: de maneira xeral primarán os medios telemáticos, informarase, tamén, nas reunións iniciais de familias e titorías individuais así como a través da plataforma EDUCAMOS e da páxina Web do centro.
- ⇒ Alumnos: recibirán a información nas titorías e cada día adicaranse os primeiros 15 minutos da xornada escolar a lembrar as medidas básicas a seguir.
- ⇒ Persoal docente: recibirán información periódica a través de claustros informativos, correos electrónicos e así coma personalmente das coordinadoras de cada etapa.
- ⇒ Persoal non docente: recibirán información periódica a través de claustros informativos, correos electrónicos.



⇒ Consello Escolar: recibirán información con carácter trimestral e sempre que a situación o requira.

MEDIDAS DE LIMPEZA

Adxúntase en arquivo o Protocolo de Limpeza entregado pola empresa responsable da prestación do servizo: *Limpiezas Faro S.L.* con C.I.F B36608172

- **Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas** (a colocar en cada aulas). Terá tantas columnas como días do mes.

MES:

DIA:	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	...	
Inicio da xornada																					
Recreo																					
Final da mañá																					
Inicio da tarde																					
Final da tarde																					

MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN COLECTIVA

- Na entrada do colexio disporase de produtos de hixiene que permitan, tanto ao persoal do centro coma ao alumnado e usuarios dos espazos de atención ao público, realizar unha adecuada hixiene das mans.
- En todas as aulas disporase de un dispensador de xel hidroalcohólico.
- **Establécese como distancia mínima de seguridade**, coa excepción do caso das aulas sinaladas anteriormente, **polo menos 1.5 metros**, tanto nos accesos como nos espazos de atención ao público, para evitar a acumulación de persoas nas zonas de acceso, espera e atención ao público.
- Nas mesas, mostradores e despachos de atención ao público, establécese unha distancia mínima de 1.5 metros entre o usuario e operosoal, agás cando se dispón de elementos de protección colectiva no posto no que se realiza a atención ao público (mamparas, mobiliario con altura suficiente para que sirva de barreirafísica, etc.).



MATERIAL DE PROTECCIÓN

O centro realizou xa dende o mes de maio de 2020 aprovisionamento de material necesario de protección adecuado aos requerimentos sanitarios derivados da situación COVID-19:

- Mampara de protección individual en mostrador atención ao público de recepción e secretaría.
- Xel Hidroalcohólico e dispensadores para os espazos comúns en todas as aulas do centro.
- Panos desbotables e dispensadores individuais para aseos
- Desinfectante para uso do persoal do centro
- Papeleiras con pedal para residuos COVID en cada aula e sala COVID
- Material protección específico SALA COVID

As compras e a distribución deste material será realizada pola administradora do centro.

Serán os membros de equipo COVID os responsables de solicitarlle a súa reposición mediante petición por correo electrónico administracion@calasancias-vigo.org na medida do posible.

XESTIÓN DOS GROMOS

- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliar por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirá as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.
- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: "Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos", e das Instrucións publicadas o día 10 de setembro polo Ministerio de Sanidade. En virtude das mesmas: Levarase a un espazo separado de uso individual, colocáraselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede aoseucoidado de acordo coas pautas establecidas no DOCUMENTO "PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO, e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a abandonara o seu centro de traballo protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP. De confirmarse o caso, o equipo Covid do centro



comunicará os datos do positivo ao centro de saúde de referencia e incluírá á rede de contactos a través da aplicación “EduCovid” para a identificación por parte da Autoridade Sanitaria.

- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información.
- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.
- Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria.

Xunto con este Plan adxúntase varios anexos dentro dos cales figura o “Protocolo de actuación ante posible caso no centro”

Escenarios no suposto dos gromos

- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidadeco previsto na “Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos”, e co “Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección por SARS-Co-V-2” publicada por Orde da Consellería de Sanidade no D.O.G. do 20 de agosto de 2020, cos seguintes supostos:
 - ⇒ *Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazoco caso confirmado a unha distancia <2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.*
 - ⇒ *As persoas que teñan diagnóstico confirmado terán obriga de illamento durante 10 días. As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado deberán entrar en corentena, estando illados nos seus domicilios e suspenderán, mentres dure esta, a asistencia ao centro por un período de 10 días, e sempre de acordo coas indicacións das autoridades sanitarias. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de*



COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.

- ⇒ En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, previsto no punto 10.1 deste protocolo.
- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.
 - A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación do Plan de Continxencia ante peches aprobado pola Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021, que desenvolve as medidas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.
 - Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

MEDIDAS QUE AFECTAN AS CONDICIÓNS LABORAIS

▪ Xestión das peticións nos supostos de vulnerabilidade

De conformidade coas recomendacións sanitarias para todo o Estado Español os traballadores vulnerables para Covid-19 realizarán o seu traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo as medidas de protección de forma rigorosa.

O traballador que o solicite deberá informalo á Dirección Titular do centro por correo electrónico a direcciontitular@calasancias-vigo.org. O centro fará a xestión necesaria co servizo de prevención para dita valoración. Será o servizo de PRL o que emitirá informe de dita valoración.



MEDIDAS DE CARACTER ORGANIZATIVO

▪ Organización e documentos do centro

- Conformado por membros das consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional existirá un **Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia** que se constituirá como elemento básico de coordinación e adopción de decisións. O equipo estará conformado por parte da consellería de Educación, pola persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, da Subdirección de Inspección, Avaliación e Calidade do sistema educativo, da Subdirección Xeral de Recursos Humanos. Por parte da Consellería de Sanidade integraranse neste órgano a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, e unha persoa representante da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, xunto con outra representante da Dirección Xeral de Saúde Pública e os membros do subcomité de rebotes do Comisión de xestión da crise sanitaria do Covid-19. Ademais convocarase ás/aos xerentes das Áreas Sanitarias do brote, xunto coa persoa que represente a Xefatura Territorial de Sanidade da área afectada. Ademais estarán designadas , as catro persoas titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Educación. Poderán integrarse neste órgano os expertos clínicos que designe o Conselleiro de Sanidade.
- O centro disporá dun “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021” que será comunicado ao persoal do centro, a todas as familias e ao alumnado, neste último caso a partir dos niveis de ensino obrigatorio.O documento debe ser aprobado pola dirección do centro educativo e do seu contido será informado o consello escolar.
- Será remitido tamén a Inspección educativa xunto co resto da documentación correspondente ao inicio de curso.
- O centro elaborará, e aprobará pola dirección, un “Plan de Continxencia” no que se establecerán a medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia de acordo coa [Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021](#), e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

▪ Xestión de entradas e saídas

O persoal estará no centro 15 minutos antes do inicio da xornada escolar para a xestión da entrada dos alumnos.

ENTRADAS



NO CURSO 2020/21

EI e EP: Informarase ás familias que os alumnos poden acceder ao centro no intervalo horario sinalado, **nunca antes**, e empezarán a subir ás clases segundo cheguen, sempre pola súa marxe dereita e **sen agruparse en ningún espazo**, mantendo a distancia de seguridade. A entrada será escalonada durante ese intervalo. Haberá un profesor recibíndoos en cada un dos puntos de entrada e comprobando que se mantén a distancia de seguridade. No piso correspondente haberá un profesor por curso recibíndoos e ocupándose de aplicar xel hidroalcohólico a cada neno.

En setembro e xuño os horarios de entrada e saída son:

CURSO	HORA	ENTRADA	HORA	SAÍDA
4º EI (3 anos)	09:05-09:15h	Recepción	13:45h	Recepción
5ºEI (4 anos)	09:05-09:15h	Recepción	13:45h	Recepción
6º EI (5 anos)	09:05-09:15h	Recepción	13:45h	Recepción
1º EP	08:55-09:05h	Patio cuberto	13:50h	Patio cuberto
2º EP	08:55-09:05h	Patio cuberto	13:50h	Patio cuberto
3º EP	08:55-09:05h	Patio cuberto	13:50h	Patio cuberto
4º EP	08:45-08:55h	Zona de carga e descarga	14:00h	Zona de carga e descarga
5º EP	08:45-08:55h	Zona de carga e descarga	14:00h	Zona de carga e descarga
6º EP	08:45-08:55h	Zona de carga e descarga	14:00h	Zona de carga e descarga
1º ESO	08:25-08:35h	Patio cuberto	14:30h	Patio cuberto
2º ESO	08:25-08:35h	Patio cuberto	14:30h	Patio cuberto
3º ESO	08:15-08:25h	Zona de carga e descarga	14:25h	Zona de carga e descarga
4º ESO	08:15-08:25h	Zona de carga e descarga	14:25h	Zona de carga e descarga
FPB	08:15-08:25h	Recepción	14:25h	Recepción

De outubro a maio os horarios son:

▪ **Mañá:**

CURSO	HORA	ENTRADA	HORA	SAÍDA
4º EI (3 anos)	09:30-09:35h	Recepción	12:45h	Recepción
5ºEI (4 anos)	09:30-09:35h	Recepción	12:45h	Recepción
6º EI (5 anos)	09:30-09:35h	Recepción	12:45h	Recepción



1º EP	09:25-09:30h	Patio cuberto	12:50h	Patio cuberto
2º EP	09:25-09:30h	Patio cuberto	12:50h	Patio cuberto
3º EP	09:25-09:30h	Patio cuberto	12:50h	Patio cuberto
4º EP	09:20-09:25h	Zona de carga e descarga	13:00h	Zona de carga e descarga
5º EP	09:20-09:25h	Zona de carga e descarga	13:00h	Zona de carga e descarga
6º EP	09:20-09:25h	Zona de carga e descarga	13:00h	Zona de carga e descarga
1º ESO	08:25-08:35h	Patio cuberto	14:30h	Patio cuberto
2º ESO	08:25-08:35h	Patio cuberto	14:30h	Patio cuberto
3º ESO	08:15-08:25h	Zona de carga e descarga	14:25h	Zona de carga e descarga
4º ESO	08:15-08:25h	Zona de carga e descarga	14:25h	Zona de carga e descarga
FPB	08:15-08:25h	Recepción	14:25h	Recepción

▪ Tarde:

CURSO	HORA	ENTRADA	HORA	SAÍDA
4º EI (3 anos)	15:20h	Recepción	17:00h	Recepción
5º EI (4 anos)	15:20h	Recepción	17:00h	Recepción
6º EI (5 anos)	15:20h	Recepción	17:00h	Recepción
1º EP	15:15h	Patio cuberto	17:10h	Patio cuberto
2º EP	15:15h	Patio cuberto	17:10h	Patio cuberto
3º EP	15:15h	Patio cuberto	17:10h	Patio cuberto
4º EP	15:15h	Zona de carga e descarga	17:20h	Zona de carga e descarga
5º EP	15:15h	Zona de carga e descarga	17:20h	Zona de carga e descarga
6º EP	15:15h	Zona de carga e descarga	17:20h	Zona de carga e descarga
1º ESO (tarde do martes)	16:00h	Patio cuberto	18:00h	Patio cuberto
2º ESO (tarde do martes)	16:00h	Patio cuberto	18:00h	Patio cuberto



3º ESO (tarde do martes)	16:00h	Zona de carga e descarga	18:00h	Zona de carga e descarga
4º ESO (tarde do martes)	16:00h	Zona de carga e descarga	18:00h	Zona de carga e descarga
FPB (tarde do martes)	16:00h	Recepción	18:00h	Recepción

- Os alumnos, excepto EI (o uso de máscara non é obrigatorio pero si recomendable), deben acceder ao centro con máscara.

- No nivel de **ensino infantil** o alumnado poderá acceder ao centro **acompañado dun familiar**. Os acompañantes deberán usar máscara.

- En Educación Primaria e Secundaria o alumnado accederá só ao recinto escolar. O centro establecerá horarios específicos para a atención das familias non coincidentes con horarios de entrada e saída.

▪ **Saídas:**



Igual que na entrada, na saída baixaremos por cursos de maneira escalonada.



Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións nos patios ou que xogue nos mesmos, tanto no caso de EP como ESO o profesorado acompañará ao alumnado ata o portalón gris.

O profesorado a quen corresponda a última hora lectiva previa á saída velará porque o material estea recollido e desinfectado polo alumnado; e o alumnado preparado para saír ordenadamente e respectando a distancia de seguridade no horario establecido pola dirección de xeito que se eviten demoras.

Os alumnos de comedor baixarán coa súa clase e na entrada do comedor agardaraos o seu monitor. No caso de 4º EP que baixa polas escaleiras exteriores (vía patio de E.I) serán recollidos polo seu monitor no rellano de E.I

▪ **Planos de entradas e saídas**





▪ **Entrada e saída do recinto escolar**

Dispoñemos dun portalón de entrada e saída do centro pola rúa Montecelo. Este portalón, estará pechado os primeiros días para ir habituando ás familias á nova



situación e, no momento das entradas e saídas, abrírase a porta pequena. Posteriormente estará aberta para facilitar a visibilidade no momento da saída. Unha vez dentro do recinto escolar estarán sinalados roteiros de circulación polo interior baixo a premisa de que **o movemento será sempre pola nosa marxe dereita.**

No apartado anterior recóllense as zonas de subida e baixa dos diferentes niveis educativos e o seu horario.

▪ **Uso dos elevadores:**

O uso do elevador quedará limitado as persoas que o precisen por motivos de mobilidade que deberán usar máscara.

▪ **Colocación de cartelería e sinalética no centro**

- O centro disporá de cartelería informativa nas entradas, corredores, escaleiras e zonas de recreo que advirta sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía do COVID 19 e medidas de hixiene social e individual.
- Nas aulas e aseos reforzarase a información sobre hixiene individual.
- Na medida do posible evitarase, para facilitar a limpeza, a colocación de anuncios, collages, murais, ou outro material nas paredes de corredores e aulas.

MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS

▪ **Aula matinal**

Este é un servizo xestionado por unha empresa externa no que se seguirá o protocolo ordinario de medidas de prevención e hixiene.

Habilitarase como aula matinal a aula de tecnoloxía situada na planta baixa, entrando polo patio cuberto.

▪ **Actividades extraescolares**

Estes son servizos xestionados por empresas externas.

- Schoolhouse
- Dna. Silvia Souto Leyenda

▪ **Reunións de ANPAs e Consello Escolar**

Todas as reunións realizaranse de maneira telemática.



- **Normas para a realización de eventos.**

Con carácter xeral, non se realizarán eventos con asistencia de público.

MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO

O aforo do autobús de transporte escolar será o determinado en cada caso polo órgano autonómico ou estatal competente. Inicialmente poderán ser utilizadas todas a prazas coa obriga do emprego de máscara.

A/o monitor/a acompañante ao que lle corresponda a vixilancia do alumnado, cando resulte obrigatorio, velará por que todos os ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento.

Asignaranse asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar (distribuídos segundo os grupos de convivencia estable) para realizar unha mellor trazabilidade dos contactos, salvo que, en base á situación epidemiolóxica, as autoridades sanitarias determinen un uso máis restritivo do mesmo.

O autobús de transporte escolar ten un espazo habilitado na rúa García Barbón, diante do colexio, dende aí acompañados pola monitora e unha persoa do centro de apoio os alumnos acceden ao recinto escolar e seguen o mesmo protocolo que o resto de alumnos.

No momento da saída os alumnos de transporte escolar baixarán co resto dos seus compañeiros e dirixiranse ao punto habilitado no patio cuberto onde os agardará a monitora que os acompañará (e unha persoa de apoio) ata o autobús e no posterior traxecto.

MEDIDAS DE USO DE COMEDOR

Este é un servizo xestionado por unha empresa externa.

A empresa é: Gastronomic S.A.U

Seguirase en coordinación todo o protocolo establecido polo centro e seguindo en todo momento o pautado pola administración pública que determina o seguinte:

O comedor quedará limitado á capacidade suficiente para ter o alumnado separado por 1,5 m de distancia sentados en oblicuo e sempre que non estean encarados. O alumnado que conforme os grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia en infantil e primaria pode comer agrupado sen respectar a distancia anterior separando os grupos por 1,5m. Asignaranse postos fixos durante todo o ano.

As medidas a adoptar nos comedores serán as seguintes:



- 1.- Aumentar o número de quendas para reducir o aforo do comedor en cada momento da comida.
- 2.- Utilizar espazos colindantes ao comedor co mobiliario do que dispón o centro e sempre que se cumpra o 1,50m de distancia.
- 3.- Na medida do posible o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, sen prexuízo do establecido para os grupos colaborativos. Será necesario o rexistro dos lugares que ocupan cada un dos nenos.
- 4.- Os menús serán emplatados en cociña e servidos en bandexa cando sexa posible. No caso de existir varios pratos secuenciais recoméndase o uso da máscara entre prato e prato.
- 5.- O persoal cumprirá as ratios que correspondan ao número de alumnado presentes en cada quenda. O persoal será o mesmo en cada unha das quendas.

Previsión sobre o persoal colaborador, tendo en consideración que debe ser o mesmo durante as distintas quendas.

- Os patios estarán diferenciados por idades e cursos para manter os grupos.
- O monitor/a asignado a un grupo estará en todo momento con ese grupo tanto en comedor como no patio. Asígnase un monitor/a a cada grupo estable co que estará dende o inicio do servizo ata o final, conxugando o tempo de patio, co que non se mantería o mesmo persoal atendendo a distintos grupos/ quendas, senón que sempre estará asignado un a cada grupo e a cada quenda para que o grupo estable sempre teña a mesma persoa de contacto durante o servizo de comedor.
- No comedor aténdese unha media de 205 alumnos diarios repartidos en tres quendas diferenciadas cun total de 9 monitores, 1 coordinadora e 2 persoas entre persoal de cociña e limpeza.

Previsión sobre o persoal de cociña e a limpeza da mesma.

- Garantírase a desinfección de toda a menaxe utilizada para a alimentación dos nenos, con produtos de calidade e temperaturas testadas seguras.
- **Formouse a todo o persoal** nas medidas hixiénicas e de seguridade adecuadas fronte a COVID-19. Verificarase a temperatura de aclarado dos lavavaixelas, para asegurar a **correcta desinfección** da menaxe e utensilios e desinfectarase as zonas de uso antes e despois de cada quenda, sen posibilidade de mesturarse alumnos dunha quenda e outra.
- Introdúcense novos protocolos de limpeza e rexistros na APPC para a prevención da COVID -19 .
- O persoal de cociña e limpeza da mesma, manterán a distancia social en todo momento debido a que por espazo e función pódese realizar sen causar prexuízo ao servizo.



MEDIDAS XERAIS NA AULA ORDINARIA

- É recomendable que cada alumno dispoña dun **Equipo COVID** propio formado, como mínimo, por unha máscara, estoxo para a máscara, panos desbotables, un pano e un frasco pequeno con xel hidroalcohólico. Todo perfectamente identificado co seu nome e curso.
- Na aula, con carácter xeral no propio pupitre, o alumno gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as.
- Non se poderá usar material compartido sen a previa desinfección do mesmo e a hixiene de mans por parte do alumno. Recoméndase que no caso de ter que achegarse ao encerado cada alumno/a teña entre o seu material un xiz ou rotulador de encerado branco ou que se desinfecte o común antes de cada uso.
- Recoméndase que cada alumno/a teña o seu material gardado en contedores propios como estoxos ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome.
- **Con carácter xeral as prendas de uso individual (cazadoras, mandilóns,...) deixaránse na cadeira dos alumnos, evitando o uso dos percheiros. É altamente recomendable que o alumnado de EI e EP leve o seu mandilón diariamente para a casa para o seu lavado.**
- Os primeiros quince minutos da xornada escolar utilizaranse para lembrar os protocolos de hixiene e contacto social e permitir que o alumno lave as mans se non o fixo previamente.
- Evitarase o desprazamento do alumnado da aula aínda que si se permitirá levantarse para realizar pequenos estiramientos ou exercicios posturais que non impliquen moverse do posto escolar.

MEDIDAS ESPECIFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

- Realizarase a hixiene de mans nas entradas e saídas dos mesmos.
- O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Implicarase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns. *(Onde a materia o permita substituirase o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material).*
- En cada unha das materias adaptarase a metodoloxía da aula evitando a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais. En todo caso evitarase que o alumnado estea encarado a unha distancia inferior a 1,5 metros.



- No caso da clase de **educación física** o uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Na medida do posible minimizarase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans. Coidarase especialmente do uso da máscara nos ximnasios ou polideportivos pechados con ventilación reducida.

Aula tecnoloxía e laboratorio

Este curso escolar foi necesario reutilizar estes espazos para outros usos.

Cambio de aula para impartición de materias optativas na ESO

- Na medida do posible, a norma xeral é que o alumnado non cambiará de clase agás nos supostos sexcepcionais.
- Con carácter xeral, o alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase. No caso de ter que trasladarse a outra aula, avisarase ao profesor anterior para que finalice a súa clase 5 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado.
- A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo/a profesor/a á entrada da nova aula en ringleira de 1 gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.
- Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante co profesor correspondente hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

PROTOCOLO COVID PARA A BIBLIOTECA ESCOLAR DE CENTRO

INFORMACIÓN SOBRE O VIRUS

- Lavar as mans frecuentemente con desinfectante de mans ou auga e xabón durante 40 segundos.
- Evitar o contacto con persoas infectadas.
- Evitar tocarse os ollos, nariz e boca coas mans sen lavar.
- Limpar e desinfectar obxectos e superficies que se tocan con frecuencia (picaportes, mesas, cadeiras..)
- Os libros de préstamo devolvanse nunha caixa marcada ou estante dun armario marcado por días, deberán estar sin tocar nin usar.
- Os libros utilizados por persoas infectadas deberán ser introducidos nunha bolsa de plástico con dobre autocierre. Unha vez dentro o libro, limpar o exterior da bolsa cun



produto viricida de desinfección. Unha vez limpo, manter nunha zona segura durante 14 días.

- Superada a corentena, a manipulación do libro xa non será ningún risco.

PRÉSTAMOS E DEVOLUCIÓNS

- Os libros emprestados deberán devolverse introducindoos nunha caixa habilitada ou nun estante habilitado por días para realizar a corentena. Pasados varios días o equipo de biblioteca deixara nos seus andeis correspondentes.
- O empréstimo de libros deberá realizarse na hora de biblioteca específica para cada curso. Os alumnos e alumnas acudirán en grupos de máximo 5 persoas mantendo unha distancia entre as mesmas de polo menos 1,5 metros.
- O alumnado escollerá previamente o título que desexa levar e informará ao mestre/a.
- O ALUMNADO NON PODERÁ COLLER LIBROS DOS ANDEIS, O LIBRO ESCOLLIDO SERÁ ENTREGADO A CADA ALUMNO/A POLO MESTRE RESPONSABLE DA BIBLIOTECA.
- Recollerán o seu carnet e o introducirán na caixa para poder realizar o préstamo.
- Depositarán o libro que queren levar emprestado no espazo habilitado e agardarán a que sexa realizado o seu rexistro polo equipo de biblioteca ou titor/a.

AFORO

- Durante os recreos, permitirase un máximo de 5 alumnos/as na biblioteca que deberán manter a distancia social recomendada.
- En función da organización da actividade lectiva, cada ciclo poderá acudir á biblioteca o recreo do día que se lle asigne.
- Cada titoría terá asignada unha horas semanal de uso exclusivo na biblioteca para grupos de como máximo 5 alumnos/as.

ORGANIZACIÓN DO ESPAZO

- Realizaranse sinalizacións no chan para indicar o sentido de circulación dos usuarios.
- O mobiliario colocarse de forma que os usuarios que empreguen a biblioteca manteñan a distancia de seguridade permitida.
- Estableceranse indicadores de espera para o préstamo de libros así como para entrar na biblioteca.

Uso dos aseos

- O uso dos aseos estará limitado a unha simultaneidade non superior a un terzo do seu aforo (1 usuario nos inodoros/1 usuario na parte de lavabos). O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.
- No acceso aos aseos habilitarase un sistema de semáforo vermello/verde. Cando un alumno desexe ir ao baño colocará o semáforo vermello, se no momento de entrar o semáforo xa está vermello agardará a poder entrar.
- Durante os recreos e nas entradas e saídas do centro haberá profesorado de garda vixiando o aforo dos aseos e garantindo que se cumpre a distancia nas ringleiras de entrada e saída.



- O público en xeral que non teña a condición de persoal do centro ou de alumnado únicamente poderá usar o primeiro aseo situado á man esquerda na recepción do colexio.

MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS

- O uso de máscara será obrigatorio.
- Procurarán limitarse os espazos a un aforo dunhas 30 persoas distanciadas polo menos 1,5 m.
- Con carácter xeral, non se poderán utilizar obxectos e xoguetes que poidan ser compartidos. Na etapa de EI os elementos comúns de xogo serán desinfectados despois de cada quenda.
- As fontes estarán pechadas.

Xestión dos recreos:

A distribución de patios será a seguinte:

E.INFANTIL	No seu patio distribúense en dúas franxas horarias. En cada franxa dous grupos con separación: 5anos e 3anos B/ 4 anos e 3 anos A.
1°,2°,3° EP	1°EP Patio Divina Pastora, zona baños 2°EP Patio Divina Pastora, zona porterías 3° EP Patio de area
4°,5°,6° EP	4°EP Patio verde 5°EP Patio cuberto 6° EPPavillón
1°,2° ESO	1° ESO Patio Divina Pastora 2° ESO Patio verde
3°,4° ESO	3° ESOPavillón 4° ESO Patio de area
FPBÁSICA	Zona recepción

Aínda que saen a patios diferentes segundo o curso, dentro do propio patio, as seccións A e B separaranse marcando no chan con cinta adhesiva ou outros elementos. Marcarase un corredor de ida e outro de volta para acceder aos baños, sobre todo no patio da Divina



Pastora. Os alumnos que vaian ao patio verde e ao patio cuberto deben ir ao baño do ximnasio.

- Os **horarios de recreo** en **EI** en setembro e xuño son: 10:00-10:35 (3 anos A), 10:35-11:05 (3 anos B), 11:10- 12:10 (4 anos) e 12:15-13:15 (5 anos) De outubro a maio: 1ª quenda(10:45-11:15h), 2ª quenda(11:30-12:00h)
- Os **horarios de recreo** de **EPI** en setembro e xuño son: 10:35-11:05 e de 12:45-13:05. De outubro a maio: de 10:30 a 10:50h.
- Os **horarios de recreo** de **EPII** en setembro e xuño son: 10:40-11:10 e de 12:50-13:10. De outubro a maio: de 10:40 a 11:00h.
- **Horario de recreo na ESOe FPB** será de 11:20-11:50 todo o curso.

En caso de chuvia, os recreos serán nas aulas.O ximnasio mantémolo sempre libre para as clases de educación física.

Con carácter xeral, o profesor da segunda hora acompañará aos alumnos durante o recreo.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

- Na aula traballarán mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as. O grupos traballarán cun distanciamento físico de 1,5 metros respecto dos restantes grupos.
- Sempre que sexa posible usarase a máscara, porén para o profesorado e o persoal non docente que teña contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio.
- A xornada comezará con acción nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación dos alumnos coa pandemia, actividades que terán carácter lúdico.
- Os dispensadores de xel hidroalcohólico non estarán ao alcance dos alumnos. Ademais priorizarase o uso de agua e xabón ou outros tipos de solucións xabonosas.
- Para o xogo en recantos delimitarase e organizarase o seu uso de xeito individual nos grupos colaborativos e en espazos diferenciados, garantindo a desinfección posterior aoseu uso, tanto do espazo e como dos materiais.
- A merenda realizarase de xeito individual en grupos colaborativos e en espazos diferenciados.
- Nos recreos organizaranse diferentes quendas. Os elementos de xogo serán desinfectados en cada cambio de quenda.



NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE

- Uso de máscara sempre e cando sexa posible e o alumno a tolere. De non ser posible utilizaranse pantalla, distancia de seguridade,...
- Establecer grupos de convivencia estable.
- Acompañamento nas entradas, saídas e desprazamentos polo centro de ser necesario.
- Atención especial aos momentos de hixiene de mans.
- Utilización de espazos dispoñibles para os momentos nos que a permanencia en clase resulte complicada ou necesite un momento de esparcemento e movemento.
- Adaptar espazos específicos na aula.
- Utilizar material só de uso individual ou material doado de desinfectar.
- Colocación de sinalización adaptada mediante pictogramas nas aulas e corredores e normas básicas de hixiene.
- Establecer un período de adaptación específico para eles de entrada e saída de ser necesario.
- O alumnado con necesidades educativas especiais contará cun protocolo e orientacións de atención específicas.

PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección, ademais, de acordo coas capacidades do grupo, aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.

O profesorado disporá dunha dotación de material de hixiene composto por un pano, solución desinfectante e xel hidroalcohólico para o seu uso individual, que usará en cada cambio de aula e na limpeza da súa mesa e cadeira, así como do material do profesorado de uso non individual que teña utilizado en cada unha das aulas. O material de limpeza e desinfección será subministrado polo centro educativo.

En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.

Todas as reunións do profesorado realizaranse cumprindo as normas de protección e o aforo dos locais, cando non sexa posible deste xeito usaranse medios telemáticos.

Aforo das salas de profesores:

- Sala de profesores na planta baixa: 6 usuarios



- Sala de profesores do 5º piso: 6 usuarios
- Espazo reutilizado no 4º piso (laboratorio): 8 usuarios

A ocupación destes espazos será sempre mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros. Os usuarios deberán hixienizar o lugar ocupado e os elementos de uso común utilizados. (teclados, máquinas expendedoras,...)

Normas en materia de reunións de órganos colexiados.

De conformidade co disposto no artigo 17 de la Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público os órganos colexiados poderanse constituír, convocar, celebrar a súas sesións, adoptar acordos e remitir actas a distancia, agás nos supostos nos que o seu regulamento interno recolla expresa e excepcionalmente o contrario e que, de ser este o caso, poderá revisarse e realizar as modificacións e adaptacións oportunas.

Nas sesións que se celebren a distancia deben garantirse a identidade dos membros que participen, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto. A estes efectos considérase validamente emitido o voto formalizado na propia sesión da videoconferencia ou o emitido por correo electrónico.

Agás nos casos nos que resulte imposible pola necesidade de cumprir prazos perentorios, as convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar na mesma a orde do día, a documentación da mesma e un documento no que se poida formalizar para cada un dos puntos por separado o senso das votacións.

O uso de máquinas de *vending* limitarase aos docentes. Unicamente estará habilitada a que se encontra na sala de profesores da zona de Recepción.

MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO

Educación en Saúde

O equipo COVID debe asegurar que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas nos centros educativos chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa.

Proporcionarase información e facilitarase a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene aos traballadores/as do centro educativo, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa.

Enviarase a información a todas as familias, mantendo unha canle dispoñible para a solución de dúbidas que poidan xurdir. (Plataforma EDUCAMOS)

Potenciarase o uso de infograffas, carteis e sinalización que fomente o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Coidarase que esta información sexa actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias.



Deseñaranse e implementaranse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa. Así mesmo, estas actividades débense incluír de maneira transversal nos programas e actividades de educación e promoción da saúde que xa se viñan desenvolvendo no centro, de maneira que se poida traballar a saúde de forma integral.

Estas e outras actuacións desenvolveranse desde unha perspectiva interdisciplinar e baixo as dúas liñas marcadas:

- a) Hábitos de alimentación saudable. (Club das vitaminas en E.I.)
- b) Vida activa que inclúa a actividade física no día a día e ao longo da vida.

A Consellería de Sanidade e o SERGAS impartirán a través da presenza de profesionais no centro ou mediante fórmulas de teleformación, a formación suficiente para os centros educativos sobre as medidas xerais de prevención e protección.

Aulas virtuais e ensino a distancia

Habilitaranse aulas virtuais, en todas as etapas do centro, dentro da aplicación *Google Classroom*. Estas aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso, nos supostos de educación a distancia e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula.

Na Educación Infantil utilizarase as Plataformas EDUCAMOS/GSuite e no caso doutro alumnado no que non sexa posible o seu uso, arbitrarase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia. Dito modo alternativo quedará recollido na programación didáctica e realizarase unha proba do seu correcto funcionamento durante o tempo que asiste o seu alumnado ao centro.

A coordinadora TICS do centro xunto co seu equipo, encargárase da posta en funcionamento da aula virtual. Durante o mes de setembro, antes da asistencia do alumnado ás aulas, crearanse os “cursos” dentro das aulas virtuais, e así como os usuarios para o alumnado e profesorado. Proporcionaráselle ao profesorado toda a información necesaria dos seus usuarios, do modo de ensinar aos alumnos/as a inscribirse nos cursos,

Durante os primeiros días de clase, en setembro, os/as titores/as de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte.

Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurárase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia. Dedicará o tempo que precise para afianzar as destrezas do alumnado no uso do seu curso virtual.

A aula virtual, os cursos, e os usuarios (profesorado e alumnado) terán que estar plenamente operativos e funcionando ao finalizar o mes de setembro. É recomendable que



os/as do alumnos/as estean familiarizados coa contorna dos cursos e coa metodoloxía de traballo na aula virtual.

Adxúntase dentro dos anexos Protocolo de Teledocencia.

No mes de setembro, os/as titores/as identificaran ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e o notificarán ao equipo directivo. O equipo directivo realizará unha listaxe deste alumnado e as súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.

O profesorado no mes de setembro recibirá a seguinte formación:

- GSuite- Nivel básico e Nivel avanzado co seguinte obxectivo:
- Uso das ferramentas de G-Suite, metodoloxía e a súa aplicación na aula coa finalidade de profundizar no traballo colaborativo.

Normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións

As programacións didácticas incluírán a metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.

Incluírase na programación o modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática. Tamén se incluírán os mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

Na Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 e na Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19, determínanse as medidas e procedementos específicos no caso de situacións que activen o Plan de Ensino Virtual ante a Covid-19 para garantir a continuidade do proceso educativo.



PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO

Este Plan de Continxencia ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliar por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro seguirase o protocolo de actuación previamente elaborado:
 - ⇒ Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro e cos familiares ou titores legais.
 - ⇒ A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
 - Máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
 - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.
 - ⇒ Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.
 - ⇒ O centro contará cun stock deste material para as situación nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.
3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido



- por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.
 5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
 6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiránse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que teña que estar illada unha parte do colexio (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.
 7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
 8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do colexio na súa totalidade.
 9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na [Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 e na Resolución da Secretaría Xeral 80 de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19, relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.](#)



ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL

Nos supostos de situacións de cuarentena/illamento dun grupo de alumnos concreto mentres o resto da aula mantén actividade presencial as actuacións serán:

- Dende o mes de setembro os alumnos terán accesibles as diferentes aulas virtuais ordeadas por materia, así como a súa conta de usuario correspondente para poder traballar en todas as aplicacións telemáticas precisas. No caso dos alumnos de Educación Infantil e nos dous primeiros cursos da Educación Primaria, serán os pais os que xestionen as contas de usuario dos alumnos.
- O profesor decidirá, segundo as necesidades da súa materia, a idade do/dos alumno/s e a súa situación particular cales serán os medios máis axeitados para o correcto seguemento da docencia:

-Conexión dende a clase. O profesor correspondente empregará o ordenador e conectará co alumno/grupo de alumnos a través de videochamada, enfocando a súa cámara á pizarra, mantendo o micro activado, de forma que poidan seguir a clase en tempo real. [O alumno \(dende 3º de EP en adiante\) accederá cada hora á aula virtual que lle corresponda segundo o seu horario. Nos cursos máis baixos adecuarase a especificación horaria reflexada neste mesmo documento.](#)

-No suposto no que o alumno, [polas circunstancias persoais que correspondan \(de 3º de primaria en adiante\) ou por decisión do equipo de profesores \(en E. Infantil e 1º e 2º de EP\), non poida conectarse en tempo real, seguirá a clase a través de contido dixital específico](#), que será colgado na aula virtual para o correcto seguemento da materia.

